

Gravados rupestres no concello de Paderne

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Presentamos un estudo dos gravados rupestres no concello de Paderne (A Coruña), que axuda a ir completando o inventario de gravados que ven realizando a nosa Asociación na provincia da Coruña.

Abstract

We present a study of rock engravings in the municipality of Paderne (A Coruña), which helps to complete the inventory of engravings that our Association in the province of A Coruña has been carrying out.

I-INTRODUCCIÓN

Este estudo é continuación dos traballos realizados pola nosa Asociación, sobre a arte rupestre nas comarcas de Ferrol, Eume e As Mariñas dende 1996. Neste caso os traballos centrámolos no concello de Paderne (A Coruña), no que xa fora localizado en 1994 unha estación rupestre no lugar das Travesas, parroquia de Vigo¹.

Os gravados localizados ata a data centráronse na parroquia de San Xulián de Vigo que é a única parroquia deste concello na que se asenta nunha vea granítica que dende o concello de Narón atravesa a provincia de N-S ata o concello de Sobrado. Esta vea, denominada Macizo Espenuca, está formada por granitos pouco ou moi pouco deformados e na que xa localizamos gravados nos concellos de Narón, Fene, Cabanas², Pontedeume³, Vilarmaior⁴, Monfero⁵ e Irixoa⁶ ó N do concello de Paderne e nos de Aranga, Coirós⁷ e Oza-Cesuras ao S.

II-SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Paderne é un concello duns 39,8 km² situado na área xeográfica da comarca das Mariñas orientais. Linda ó N cos concellos de Miño, Vilarmaior e Irixoa, ó L con Irixoa, ó S con Coirós e Betanzos e ó O con Bergondo. Na actualidade está dividido en nove parroquias: San Pantaleón de Viñas, Santa María de Souto, San Salvador de Vilouzás, Santo André de Obre, San Xoán de Paderne, Santiago de Adragonte, Santo Estevo de Quintás, San Xoán de Vilamourel e San Xulián de Vigo.

O clima sitúase baixo o dominio climático oceánico-húmido, propio da costa setentrional galega, caracterizado por precipitacións abundantes e unha suavidade térmica. No aspecto litolóxico está composto maioritariamente por rochas de xistos e como indicamos tan só por granitos pouco deformados, na parte oriental do concello.

*A **Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos»** constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS GRAVADOS

O traballo desenrolado tan so permitiu localizar gravados na parroquia de San Xulián de Vigo (fig. 1), que é a parroquia de maior extensión do concello e encóntrase situada na zona L-SL do mesmo. Para unha mellor comprensión do texto describiremos os gravados pola súa situación xeográfica de N-S e O-L.

1) **Cal do Pico** (Coordenadas UTM 572114 – 4793634, altitude 399 m). Afloramento a rasdo chan de 4 m N-S x 2 L-O. Na parte superior amosa un circuliño simple de 16 cm de Ø.

2) **O Carballal** (Coordenadas UTM 569857 – 4793065, altitude 268 m). Pequena pedra situada a carón do camiño da Lavandeira, cunhas dimensións de 1,55 m N-S x 2,30 L-O e 1 m de altura. Nela podemos ollar dúas cruces latinas de 34 x 28 cm e 28 x 24 cm respectivamente; na parte superior, unha cazoleta ovalada de 18 x 10 cm; once cazoletas de entre 4 e 9 cm de Ø, dúas delas unidas por unha canle e outra de 8 cm de Ø cun suco de saída de 20 cm de longo.

3) **Xesteira-1** (Coordenadas UTM 570360 – 4792893, altitude 288 m). É un afloramento moi fragmentado e con claros síntomas de ser utilizado como canteira. A pedra máis ó N, deste afloramento, ten unhas dimensións de 2,10 m N-S x 3,70 L-O e unha altura que oscila entre os 1,50 m polo S e os 3,40 polo L. Nel localizamos tres cazoletas de 7,5 a 6,5 cm de Ø, dunha delas sae un suco de 15 cm de longo.

4) **Xesteira-2** (Coordenadas UTM 570368 – 4792817, altitude 293 m). Gran afloramento, en forma de esporón, cortado polo L-S-O e inclinado ó O de 5,30 m N-S x 10,80 L-O e unha altura de máis de 5 m polo S. A pesares das súas dimensións non localizamos máis que catro cazoletas de 9 a 6,5 cm de Ø, bordeando dúas pías naturais de 38 e 53 cm de Ø.

5) **A Portela** (Coordenadas UTM 570895 – 4792774, altitude 303 m). Afloramento fragmentado de tres pedras, a máis grande de 2,70 m N-S x 4,60 L-O e 1,70 m de alto, na parte alta do mesmo hai 15 cazoletas de 4 a 15 cm de Ø e outra cazoleta de 14 cm con suco de saída. Na pedra de inferior hai tres cazoletas de 5 a 7 cm de Ø e nunha pedra separada 5 m ó O, tamén outras dúas cazoletas.

6) **O Penedo** (Coordenadas UTM 570854 – 4792475, altitude 334 m). Son dous grandes afloramentos no alto do monte de Penedo, no que se encontran os depósitos de auga para os lugares de Vión, Portela, etc. A pedra na que se apoia o depósito ten unhas dimensións de 1,98 m N-S x 5,50 L-O e unha altura de 1,40 m, na parte L, hai dúas cazoletas 4 e 6 cm de Ø. Na outra pedra, de 4,30 m N-S x 3,30 L-O e unha altura de 3,20 m polo L, podemos ollar catro cazoletas de 4 a 12 cm de Ø.

7) **A Revolta** (Coordenadas UTM 570920 – 4791909, altitude 228 m). Afloramento fragmentado de 3 m N-S x 5,80 L-O e unha altura que oscila entre 0,60 m polo N ata 1,80 polo S. Na parte superior hai cinco cazoletas de entre 4,5 a 10 cm de Ø; un pequeno círculo de 12 cm de Ø con cazoleta central de 6 cm e unha cruz de 15 x 10 cm, nun plano inferior cara ó O, outra cazoleta de 9 cm de Ø.




Fig. 1. Mapa de situación dos paneis con gravados na parroquia de San Xulián de Vigo (Paderne, A Coruña).



Foto 1. Panel fragmentado de A Perdiz - 1 (San Xulián de Vigo, Paderne).

8) **As Travesas**⁸ (Coordenadas UTM 569794 – 4791035, altitude 173 m). Segundo os autores o afloramento ten unhas dimensións de 6,10 m N-S x 6,35 L-O, nel identificaron nove combinacións de dous a catro círculos concéntricos de entre 18 cm a 32 cm de Ø, un deles con suco de saída; e doce cazoletas, dúas delas unidas por un suco. Na actualidade non é posible comprobar estes datos, posto que o afloramento encóntrase dentro da finca «Corax Fauna», máis concretamente no espazo onde descansa un tigre de bengala, polo que é posible que sexa un dos gravados mellor gardados do mundo.

9) **A Perdiz - 1** (Coordenadas UTM 571344 – 4791242, altitude 233 m). É un gran afloramento moi fragmentado en pequenas pedras. Na parte superior que é onde atopamos cazoletas, ten unha dimensións totais de 11 m NO-SL x 3,50 m de ancho. En total localizamos nove cazoletas en catro pedras, cunhas dimensións de entre 7 a 14 cm de Ø (foto 1).

10) **A Perdiz - 2** (Coordenadas UTM 571389 – 4791131, altitude 230 m). Afloramento de varias pedras, cunhas medidas totais de 7,40 m N-S x 5 de L-O. No momento de fotografalo podemos ollar vinte e dúas cazoletas e un figura con forma de «cogomelo», do que non temos precedentes na nosa zona. Non podemos aportar medidas de todos estes gravados, xa que na actualidade, enriba deles hai unhas abelleiras.

11) **Monte da Pena** (Coordenadas UTM 571485 – 4789727, altitude 245 m). Trátase dun afloramento que serve de linde fincas, conservando un valo de pedras polo L e pola cabeceira do N. Ten unhas dimensións de 5,80 m N-S x 4,20 L-O e unha altura de 1,50 m polo L.




Fig. 2. Debuxo do gravado de Monte da Pena (San Xulián de Vigo, Paderne).



Foto 2. Panel de gravados de Monte da Pena (San Xulián de Vigo, Paderne).

O afloramento conserva gravados na parte superior da pedra e na parte vertical da cara L. As formas representadas son de difícil interpretación (figura 2 e foto 2), xa que forman un conxunto con multitude de trazos rectilíneos, cruciformes, cadrados, rectángulos, que se entrelazan entre si; tamén hai nove cazoletas e o resto do que podería ser un semicírculo con cazoleta central. Na nosa opinión, a maioría dos gravados representados terían unha cronoloxía máis moderna.

12) **O Cal - 1** (Coordenadas UTM 571708 – 4789720, altitude 256 m). Afloramento cortado polo O por unha pista sen asfaltar. Ten unhas dimensións de 5,30 m N-S x 2 L-O e 1,80 m de alto polo O. Na parte superior, onde hai unha pia natural, podemos ollar sete cazoletas de entre 3 a 7 cm de Ø e unha cruz latina de 15 x 14 cm.

13) **O Cal - 2** (Coordenadas UTM 571738 – 4789715, altitude 258 m). Afloramento cunhas dimensións de 4,30 m N-S x 2,60 L-O e unha altura máxima de 0,80 m polo S. E un afloramento inzado de cazoletas, nel podemos ollar cincuenta e unha cazoletas de entre 3 e 15 cm, tres delas unidas por unha canle e outra que posiblemente tería un aro que a rodea; tamén ollamos un cazoleta ovalada 16 x 8 cm que conserva un aro que a rodea, en un extremo da pedra o resto dun círculo simple de 18 cm de Ø (fig.3). Recentemente estes gravados, aínda sen inventariar, sufriron unha agresión ó facer a limpeza da finca que borrou parte do grupo de cazoletas que estaban unidas por unha canle (fotos 3 e 4).

IV-CONCLUSIÓNS

Durante este traballo, foron localizados trece estacións con gravados rupestres. Un resultado pobre si o comparamos cos concellos limítrofes, cara ó N, e sobre todo si o comparamos coa variedade de motivos representados, que no caso de Paderne son

maioritariamente cazoletas. Tamén a diferenza dos seus concellos limítrofes, no que predominan as estacións rupestres con combinacións circulares, figuras que en Paderne, so están representadas na estación das Travesas e con un so motivo nas estacións de Cal de O Pico, A Revolta e O Cal-2.



Foto 3 e 4. Panel de O Cal - 2, antes e despois da agresión sufrida en 2021 (San Xulián de Vigo (Paderne)).




Fig. 3. Debuxo do panel O Cal - 2 (San Xulián de Vigo, Paderne).

Tamén hai que dicir que o territorio prospectado é moi inferior ao realizado en outros concellos, xa que como indicamos, o granito tan so está presente na parroquia de San Xulián de Vigo, unha das nove parroquias deste concello, o cal limita bastante a cantidade de estacións localizadas. A maiores ó S desta parroquia está formada por unha ladeira agreste e con forte inclinación cara ó río Mandeo, zona de difícil prospección e con grandes afloramentos moi erosionados.

A localización destes trece novos paneis ven completando o amplo catálogo de estacións rupestres no NO da provincia da Coruña, catálogo que temos previsto aumentar nos próximos anos nos concellos limítrofes cara ó S (Aranga, Coirós e Oza-Cesuras).

Esta simplicidade aparente na representación dos gravados puidera ter relación cunha zona marxinal da vea granítica, que nos seus extremos presenta unha maior deformación do granito, con grao máis groso, pero os resultados que xa temos dos concellos de Aranga e Coirós, permítenos aseverar, que si ben non hai unha gran cantidade de combinacións circulares, está é moi superior a do concello de Paderne.

V-AS CAZOLETAS A DEBATE

Dende o punta de vista artístico, as cazoletas son as representacións máis simples, trátase de gravar un so punto sobre un soporte. Con total seguridade esa cazoleta, evolucionaría cun círculo arredor e partires de aquí a formas máis complexas. Partindo desta premisa, é posible que por tanto as cazoletas sexan as representacións rupestres máis antigas. Ademais, algúns autores⁹ sosteñen que existe unha vinculación das cazoletas con os espazos visuais e liñas de tránsito no que se sitúan os enterramentos megalíticos, o cal en certo modo nos viría a confirmar a antigüidade destas representacións que nos

retrotraerían da Idade do Bronce, que é onde se engloban os petróglifos galegos, ao megalitismo.

Pero tamén somos conscientes de que como representación máis simple, as cazoletas, cronoloxicamente se empregaron dende a prehistoria ata épocas modernas, sobre todo, asociadas e como lindes de termos.

Baixo está hipótese radica a importancia que teñen estes novos paneis localizados no concello de Paderne, que si ben puideran ser dunha cronoloxía moderna, tamén poderían pertencer as representacións máis antigas, representacións que se conservan tanto en granito, como esquisto e lousa, algo moi importante, se temos en conta que unha parte importante de Galicia non conta con soporte granítico e polo tanto o territorio quedaría ermo de representacións rupestres.

Sen embargo, dende fai pouco tempo, a Administración autonómica mudou a súa política á hora de inventariar estes gravados que ata o de agora considerábanse como xacementos (GA), e como tales tiñan a súas normas de protección como calquera outro xacemento, para pasar a ser referencia (RE) cun nulo ámbito de protección. Vaia por diante que na nosa opinión parecenos desmesurado inventariar unha pedra con unha ou dúas cazoletas, como se viña facendo ata o de agora, poñendo un ámbito de protección como a calquera outro petróglifo, coas conseguíntes restricións que creaba e crea nos PXOM dos concellos. Pero ese mal xa foi feito dende hai tempo e agora é difícil de arranxar administrativamente ó estar plasmados nos plans urbanísticos.

Non parece a mellor solución retirarlle a protección como xacemento a todas as pedras con cazoletas, xa non pola cantidade de gravados, senón porque estas como dixemos anteriormente poden ser as representacións máis antigas que conservamos, ou poden estar relacionados con monumentos megalíticos, ou poden estar asociadas a outros paneis con gravados dos que de momento non acabamos de encontrar a relación.

Quizais sería máis propio que Administración fixara unhas normas para incluílas ou non como xacementos e que os criterios foran en función da paisaxe arqueolóxica da zona ou en función dos elementos que rodean estes gravados. Algo que os arqueólogos nas súas prospeccións deberían interpretar sobre estas representacións rupestres.

Durante a nosa longa traxectoria localizamos varios paneis con gravados de cazoletas que foron catalogados como referencia (RE) nos PXOM. Nunha revisión posterior, con condicións de luz óptimas e mesmo nocturnas, puidose ver que teñen círculos concéntricos, coas conseguíntes alteracións e danos sufridos ao non ter a protección axeitada (foto 5)¹⁰. A tarefa non é doada, posto que de seguro que está suxeita a moitos tipos de interpretacións, e de algún xeito a Administración debería fixar unha norma xenérica, en base un criterio. Por iso creemos que é sensato levar as CAZOLETAS A DEBATE.



Foto 5. Panel de Chousa do Conde, no que apreciase as agresións sufridas na limpeza do monte (Santa María de Doroña, Vilarmajor).

NOTAS

- ¹ Erias Martínez, A. e Pena Graña, A., 1994 «Una estación rupestre nas Mariñas de Betanzos: As Travesas (Vigo, Paderne, A Coruña)», Anuario Brigantino, 17, páxs. 27-32.
- ² Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos (G.A.T.T.), 2006 «Gravados rupestres no Couto dos Golpes (Santa Cruz do Salto, concello de Cabanas)», Anuario Brigantino, 29, páxs. 11-22.
- ³ G.A.T.T., 2019 «Gravados rupestres no concello de Pontedeume», Anuario Brigantino, 42, páxs. 11-20.
- ⁴ G.A.T.T., 1999 «Gravados rupestres en San Xurxo de Torres (Vilarmaior, A Coruña)», Anuario Brigantino, 22, páxs. 21-34; idem, 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», Anuario Brigantino, 26, páxs. 51-76; idem, 2008, «O Monte da Calvela: unha estación rupestre singular no concello de Vilarmaior», Anuario Brigantino, 31, páxs. 11-32; idem, 2009, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Torres e Vilamateo-Concello de Vilarmaior- (I)», Anuario Brigantino, 32, páxs. 11-30; idem, 2011, «Novos gravados rupestres nas parroquias de Vilarmaior, Torres e Vilamateo - Concello de Vilarmaior(II)», Anuario Brigantino, 34, páxs. 27-46; idem, 2020 «Novos gravados rupestres no concello de Vilarmaior: primeiras representacións de armas e animais», Anuario Brigantino, 43, páxs. 11-28.
- ⁵ G.A.T.T., 2003, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», Anuario Brigantino, 26, páxs. 51-76; idem, 2016 «Gravados rupestres Concello de Monfero (A Coruña)», Anuario Brigantino, 39, páxs. 11-26.
- ⁶ G.A.T.T., 2012 «Gravados rupestres Concello de Irixoa (A Coruña)», Anuario Brigantino, 35, páxs. 11-24.
- ⁷ G.A.T.T., 1998 «Gravados rupestres na parroquia de Sta M^a de Ois (Coirós, A Coruña)», Anuario Brigantino, 21, páxs. 29-34; idem, 2001 «Novas estacións rupestres na parroquia de Sta m^a de Ois (Coirós, A Coruña)», Anuario Brigantino, 24, páxs. 33-38.
- ⁸ Erias Martínez, A. e Pena Graña, A., 1994 «Una estación rupestre nas Mariñas de Betanzos: As Travesas (Vigo, Paderne, A Coruña)», Anuario Brigantino, 17, páxs. 27-32.
- ⁹ Entre outros, Villoch Vázquez, V. «Monumentos y petroglifos: la construcción del espacio en las sociedades constructoras de túmulos del noroeste peninsular» Trabajos de prehistoria, 52, no 1, 1995, páxs. 39-55; López Plaza, S., «Asociación de grabados de «cazoletas» con el megalitismo salmantino», Zephyrus, no LII, 2009.
- ¹⁰ Véxase como exemplo os gravado de Chousa do Conde, que fora catalogado como (RE15069002), no concello de Pontedeume, e que sufriu agresións durante unha limpeza forestal, na zona dos cruciformes, G.A.T.T., 2019 «Gravados rupestres no concello de Pontedeume», Anuario Brigantino, 42, páxs. 11-20.